XORNADA

# TEATRO AMADOR NA INFANCIA E MOCIDADE




CONSELLO DA CULTURA GALEGA

O teatro non só é unha magnífica opción de lecer, senón tamén un fascinante espazo de aprendizaxe persoal e cultural desde o que formar unha cidadanía culta, crítica e feliz. Neste sentido, as iniciativas teatrais para a infancia e a mocidade poden contribuír a facer unha sociedade máis libre e máis respectuosa coas artes, así coma máis sensíbel cara á propia condición humana tal como nola amosa ese feito tan paradoxal coma sublime que é a teatralidade. Amar o teatro, por iso, é un proceso que debe ser aprendido e que pode formar parte das iniciativas para a animación cultural entre nen@s e moz@s como unha faceta específica do *amateurismo* teatral. Xustamente, ese teatro que nace para ser amado porque enche a quen o practica de riqueza cultural e emocional.

Mediante esta xornada, a Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega desexa animar á reflexión arredor das posibilidades do teatro como espazo desde o que formar en cultura e en valores, tanto dentro coma fóra da escola. Trátase de abrir un debate arredor das fórmulas posíbeis para proporcionar á sociedade *amadores* do teatro que, no futuro, poidan soster o tecido teatral galego como creadores e como público.

Imaxe da portada: http://vector4free.com/vectors/author/204/

# PROGRAMA

Luns, 4 de abril

## Sesión da mañá

10:00 horas
Presentación

10:15 horas
*O TEATRO DENTRO DA ESCOLA*
Modera: **Inma López Silva**
**Asun Sóñora**
Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo
**Ánxela Doval**
Instituto de Porto do Son
**Ángeles Abelleira**
EEI Milladoiro. Ames

11:15 horas
Debate

11:45 horas
Pausa

12:00 horas
*O TEATRO COMO ACTIVIDADE EXTRACURRICULAR*
Modera: **Euloxio R. Ruibal**
**Artur Trillo**
Escola Municipal de Teatro de Cee. Talía Teatro
**Xesús Ron**
Chévere, Compañía Residente Concello de Teo
**Pilar López**
Teatro Paraíso. Proxecto KunArte de Euskadi

13:00 horas
Debate

## Sesión da tarde

16:30 horas
*INFANCIA E MOCIDADE ANTE O TEATRO: DO PÚBLICO AO AMADORISMO*
Modera: **Xosé Barato**
**Manuel F. Vieites**
Director da ESAD, pedagogo teatral
**Paula Carballeira**
Directora e actriz. Berrobambán
**Concepción Largo**
Coordinadora de Actividades Educativas e Culturais do Centro Dramático Nacional

17:30 horas
Debate

ORGANIZA:
Consello da Cultura Galega. Sección de Música e Artes Escénicas.

COORDINACIÓN:
Inma López Silva
Euloxio R. Ruibal

LUGAR DE REALIZACIÓN:
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

INSCRICIÓN:
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN:
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205